

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral da División de Recursos Económicos do Sergas para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2003.

José María Hernández Cochón
Conse lleiro de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 31 de marzo de 2003 pola que se convocan premios extraordinarios das modalidades de bacharelato, correspondentes ó curso 2002-2003.

A orde do Ministerio de Educación e Cultura do 13 de decembro de 1999, pola que se crean os premios nacionais de bacharelato e se establecen os requisitos e o procedemento para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato, establece no seu artigo 3.1º que as comunidades autónomas con plenas competencias en materia educativa poderán convocar e conceder premios extraordinarios de bacharelato nos seus ámbitos territoriais.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas

DISPÓN:

Primeiro.-Convócanse premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ó curso 2002-2003.

Segundo.-Poderá concederse na Comunidade Autónoma de Galicia un premio extraordinario por cada 1.000 alumnos ou fracción superior a 500, matriculados no segundo curso de bacharelato no curso 2002-2003. Para estes efectos, teranse en conta os alumnos matriculados en centros españois da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de carácter público como privado, de titularidade española, así como os alumnos matriculados na modalidade de ensino a distancia.

Terceiro.

1. Poderán optar ó premio extraordinario de bacharelato os alumnos que cursasen e superasen os dous cursos (primeiro e segundo) de calquera das modalidades de bacharelato e que os finalizasen no curso académico 2002-2003.

2. Para poder participar nesta convocatoria será necesario que a media das cualificacións obtidas nos dous cursos sexa igual ou superior a 8,75 puntos.

3. Para obter a nota media computaranse exclusivamente as cualificacións obtidas nas materias comúns, específicas de modalidade e optativas, dos dous cursos de bacharelato.

4. A dita nota será a media aritmética das cualificacións de todas e cada unha das materias a que se refire o punto anterior.

Cuarto.

1. Os alumnos que, reunindo os requisitos indicados, desexen optar ó premio extraordinario, inscribíranse, ata o día 3 de xuño de 2003, no instituto no que se atope o seu expediente académico.

2. Os alumnos e os secretarios dos seus respectivos centros deberán cubri-los modelos de inscrición que se inclúen como anexo I e anexo II a esta convocatoria.

3. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude de inscrición non reunise os requisitos precisos, requirirase o interese para que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, indicándoselle que, de non facelo, se considerará como desistido da súa petición, arquivándose esta logo de resolución, que deberá ser dictada nos termos do artigo 42.1º da citada lei.

4. Rematado o prazo de inscrición, os secretarios dos centros comunicarán por fax, antes do día 8 de xuño de 2003, ó Servicio Provincial de Inspección Educativa da delegación provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a lista de alumnos inscritos coa indicación das modalidades de bacharelato cursadas e remitirán as solicitudes de inscrición que estean no seu poder ó citado servicio.

Quinto.-A Subdirección Xeral de Inspección Educativa será a encargada de elabora-las probas, así como de da-las instrucións necesarias para o seu desenvolvemento.

Sexto.

1. As probas estruturaránse en dúas partes:

Primeira parte:

a) Redacción sobre un tema de carácter xeral, histórico ou literario.

b) Análise dun texto na primeira lingua estranxeira cursada polo alumno e resposta a cuestións de carácter cultural, literario ou gramatical. O exercicio realízase sen diccionario no idioma correspondente.

Segunda parte:

Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos de dúas materias propias da modalidade de bacharelato cursadas polo alumno no segundo curso.

2. Cada exercicio de cada parte da proba cualificarase entre 0 e 10 puntos.

A puntuación definitiva será a suma total de cada unha das cualificacións obtidas. Para aspirar ó premio extraordinario, os alumnos deberán obter en cada exercicio, alomenos, cinco puntos e unha cualificación total de 32 puntos ou máis. O número de premios propostos non pode ser superior ó que resulte da aplicación do artigo 2 desta orde. No caso de empate terá preferencia o alumno con mellor expediente académico.

3. As probas terán lugar o día 17 de xuño de 2003 nos seguintes centros:

IES Elviña da Coruña.

IES Sanxillao de Lugo.

IES As Lagoas de Ourense.

IES Sánchez Cantón de Pontevedra.

Sétimo.

1. O tribunal encargado de supervisar e avaliar as probas estará constituído por funcionarios dos corpos de inspectores de educación e por profesores de ensino secundario especialistas, todos eles, nas distintas materias obxecto da proba, designados pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

2. O tribunal fará pública a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Os alumnos examinados, ou os seus pais ou representantes legais, poderán reclamar por escrito contra a cualificación obtida, mediante instancia dirixida ó presidente do tribunal e remitíndoa á Subdirección Xeral de Inspección Educativa, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de cinco días hábiles a partir do seguinte a aquel no que sexan públicas as cualificacións.

Oitavo.

1. Unha vez resoltas as reclamacións, o tribunal elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios.

O orixinal quedará arquivado na Subdirección Xeral de Inspección Educativa e serán remitidas copias del á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Dirección Xeral de Universidades, ós rectorados das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e ás delegacións

provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. De acordo coa proposta feita polo tribunal, o director xeral de Centros e Ordenación Educativa concederá os premios extraordinarios de bacharelato, mediante resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses desde o día seguinte ó da publicación desta convocatoria, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Noveno.-Contra a devandita resolución de adxudicación dos premios, que porá fin á vía administrativa, poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o director xeral de Centros e Ordenación Educativa, ou ser impugnada mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da data da súa publicación.

Décimo.

1. Os alumnos que obteñan premio extraordinario poderán optar, logo de inscrición, ó premio nacional.

2. A obtención do premio extraordinario será anotada no expediente académico do alumno polo secretario do centro no que realizou a inscrición.

3. Nos libros de cualificación dos alumnos estamparase dilixencia na que constará a obtención do premio extraordinario.

4. De acordo co previsto no punto 2º do artigo 25 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, os alumnos que obteñan o premio extraordinario de bacharelato non estarán obrigados ó pagamento dos prezos públicos por servizos académicos no primeiro curso dos estudos superiores en centro público. No caso de que o premio lles fose concedido con posterioridade ó pagamento das taxas, a universidade poderá optar entre devolverlle ó alumno o seu importe ou descontarllo no primeiro pagamento polo dito concepto que o alumno teña que realizar con posterioridade á concesión do premio.

Décimo primeiro.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para dictar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Décimo segundo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I


**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

PROCEDEMENTO PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED311A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF	
DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO	ENDEREZO (PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN)			
LOCALIDADE			PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL
CENTRO (OU CENTROS) EN QUE CURSOU OS SEUS ESTUDIOS			IES Ó QUE ESTÁ ADSCRITO Ó (SÓ PARA ALUMNOS DE CENTROS PRIVADOS)		
LOCALIDADE			PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL
MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA					
<input type="checkbox"/> ARTES <input type="checkbox"/> CC. DA NATUREZA E SAÚDE <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CC. SOCIAIS <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA					
PRIMEIRO IDIOMA ESTRANXEIRO ELIXIDO CURSADO NO BACHARELATO			INDICA-LAS TRES MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE CURSADAS NO 2º CURSO		

Desexa tomar parte nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato convocados por Orde do 31 de marzo de 2003.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 31 de marzo de 2003 pola que se convocan premios extraordinarios das modalidades de bacharelato, correspondentes ó curso 2002/2003.</i>	(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de 2003	REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
			DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de _____

ANEXO II

O secretario do IES _____ de _____
CERTIFICA:
Que o/a alumno/a _____ acadou a nota media de _____ nas cualificacións obtidas nos dous cursos de bacharelato, polo que reúne os requisitos establecidos na Orde do 31 de marzo de 2003, co fin de participar nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato.
_____, de _____ de 2003.
(Sinatura e selo)

Orde do 2 de abril de 2003 pola que se convocan prazas e axudas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensino secundario e de réxime especial no próximo ano académico 2003-2004.

O Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), polo que se transforman os centros de ensinanza integradas en institutos de educación secundaria e en centros residenciais docentes, faculta, na súa disposición derradeira, parágrafo 1º, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e execución do disposto nel.

Na súa virtude, e consonte o establecido no artigo 8º do citado decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Capítulo I Condicións xerais

Artigo 1º

1. Convócanse prazas e axudas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para alumnos de ámbolos dous sexos e para os estudos que se indican nos centros que se detallan no anexo I, así como para todas aquelas ensinanzas que os ditos centros teñan autorizadas para o curso 2003/2004 e que proximamente se publicarán no DOG. As axudas para cursar estudos de 2º ciclo da ESO serán as correspondentes ós institutos de educación secundaria.

2. O número de prazas de residencia serán as correspondentes ás vacantes que se produzan para o curso 2003-2004, e faranse públicas no momento de se producir.

Artigo 2º

1. De conformidade co artigo 8 do Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), as prazas dos centros residenciais docentes levan implícita a admisión, no instituto de educación secundaria da mesma localidade, segundo se especifica no devandito decreto, exceptuando os ciclos superiores.

2. No caso de que a solicitude sexa feita coa finalidade de cursar especialidades que non se impartan nos institutos de educación secundaria citados no punto anterior, a adxudicación de praza de residencia terá carácter provisional. A adxudicación farase definitiva cando o interesado presente, na secretaría do centro residencial docente respectivo, xustificante acreditativo de que foi admitido no instituto no que se imparta a devandita especialidade, que necesariamente ten que ser da mesma localidade que o centro residencial docente. Para estes efectos enténdese que a localidade do centro residencial docente da Coruña, é, ademais de Culleredo, a cidade da Coruña.

3. A adxudicación, con carácter provisional, da praza de residencia, permitiralle ó solicitante considerar como domicilio o centro residencial docente, para os únicos efectos de valoración por proximidade do domicilio no proceso de admisión de centros sostidos con

fondos públicos para o curso académico 2003/2004. A certificación que se lle expida, terá a mesma validez que a certificación do concello para os efectos da Orde do 6 de abril de 1995 (DOG do 6 de maio), pola que se regula o procedemento para admisión de alumnos en bacharelato e ciclos formativos de formación profesional de grao medio, en centros sostidos con fondos públicos.

Artigo 3º

1. Poderán concorrer a esta convocatoria todos aqueles que reúnan os requisitos de académicos previstos na LOXSE (Lei 1/1990 do 3 de outubro), e que desexen proseguir os seus estudos nos centros indicados no artigo anterior como residentes nos respectivos centros residenciais docentes así como os actuais residentes dos centros residenciais docentes que rematen un nivel educativo ou ciclo, se desexan seguir como tales no seguinte nivel ou ciclo.

2. Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acredita-las circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral esta circunstancia será a de non poder cursa-los estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos, que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. A tal obxecto, as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emitirán o correspondente informe na solicitude do aspirante. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

3. Obterán praza gratuíta os residentes, ós que o limiar de renda familiar non exceda do que se fixe na convocatoria de bolsas e axudas ó estudio de carácter xeral.

Os que superen ata un 10%: 446,00 €.

Os que superen en máis dun 10% e ata un 20%: 682,00 €.

Os que superen en máis dun 20% e ata un 30%: 1.083,00 €.

Os que superen en máis dun 30%: 1.625,00 €.

O aboamento da participación económica poderase fraccionar ata nun máximo de tres prazos trimestrais anticipados.

Capítulo II Normas de procedemento

Artigo 4º

1. As solicitudes dos aspirantes formalizaranse de acordo co modelo que figura no anexo II da presente orde.

2. As solicitudes poderanse presentar nos centros residenciais docentes. O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Establécese un período extraordinario na